

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de outubro de 2002 pola que se conceden axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 7 de marzo de 2002 (DOG do 20 de marzo), convocáronse axudas para alumnos e profesores de centros públicos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no artigo 7 da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder, con cargo ó concepto orzamentario 07.04.322T.480.0 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, as axudas que se relacionan no anexo I, que se presentaron no terceiro prazo establecidos no punto quinto.1 do DOG do 20 de marzo de 2002, por importe total de 41.440 euros.

Segundo.-Recoller no anexo II as axudas denegadas.

Terceiro.-De acordo co artigo 9 da orde de convocatoria as axudas serán aboadas da seguinte forma:

Para as axudas que non superen o importe de 6.000 euros, no momento da concesión poderá acordarse un anticipo de pagamento de ata un 80%, logo de aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez rematada a actividade e logo da súa completa xustificación económica por parte do centro e entrega da memoria de actividades, achegando certificación respecto da percepción ou non doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, para efectos do disposto no artigo 78.3º da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Nas axudas que superen esta cantidade o pagamento realizarase integralmente unha vez rematada e xustificada a actividade.

Cuarto.-De acordo coa normativa vixente, os beneficiarios quedan obrigados a:

1. Acepta-la axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de quince días, contados a partir da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non acepta a mesma, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilita-la información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poida efectuar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustifica-lo correcto investimento das axudas recibidas, mediante a presentación da seguinte documentación:

3.1. Memoria.

Os centros beneficiarios enviarán unha memoria das actividades realizadas que inclúe:

a) Resumo do desenvolvemento da actividade realizada.

b) Obxectivos conseguidos.

c) Procedemento de avaliación utilizado, resultados obtidos e difusión que se realizou deles.

A memoria estará acompañada dunha certificación do director do centro no que se faga consta-lo nome e número de DNI do profesor responsable do proxecto e dos profesores que o acompañaron na viaxe. Igualmente engadirase unha certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou ente público.

3.2. Xustificación de gastos efectuados.

Os centros educativos enviarán unha certificación do Consello Escolar do centro aprobatoria do gasto, xuntando unha relación detallada dos gastos efectuados, así como unha certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou ente público.

Quinto.-Contra a presente orde os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para dictar tantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento correcto desta orde.

Segunda.-A presente resolución entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2002.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

AXUDAS CONCEDIDAS
TERCEIRO PRAZO

PROXECTOS DE INTERCAMBIOS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS.

CENTRO	ACCIÓN	PROXECTO	SUBVENCIÓN	PAÍS
CPI SAN TOMÉ	ENCANTRO	DE AQUÍ A EUROPA	6.535	REINO UNIDO
CEIP A MAGDALENA	ENCANTRO	CONTOS, MITOS E LENDAS	10.615	ITALIA
IES ALMIRANTE SALVADOR MORENO	INTERCAMBIO	PAZOS Y CASTILLOS EN GALICIA	7.120	FRANCIA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	INTERCAMBIO	NOIA ISLE OF WIGHT, SEA AND SOCIETY	8.810	REINO UNIDO
IES DE FOZ	INTERCAMBIO	VIAXE E ESTADÍA EN GRECIA	5.960	GRECIA

VISITAS PREPARATORIAS. TERCEIRO PRAZO.

CENTRO	PROXECTO	SUBVENCIÓN	PAÍS
CPI O CRUCE	TOGETHER	800	ITALIA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	NOIA ISLE OF WIGHT, SEA AND SOCIETY	800	REINO UNIDO
IES RIBEIRA DO LOURO	MATEMÁTICAS SEN FRONTEIRAS	800	ITALIA

ANEXO II

SOLICITUDES DENEGADAS

TERCEIRO PRAZO

INTERCAMBIOS DE PROFESORES.

PROXECTO	CENTRO	CAUSA DA EXCLUSIÓN
INTERCAMBIO PROFESORES	IES PONTEPEDRIÑA	RENUNCIA

Resolución do 8 de outubro de 2002 pola que se fai pública a relación de centros autorizados para participar no Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados convocado pola Orde do 18 de abril de 2002.

A Orde do 18 de abril de 2002 (DOG do 30 de abril) establece o Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas destinadas a potencia-la aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados.

O artigo 9 da citada orde determina que a autorización de participación nese plan experimental corresponde-lle á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

Unha vez rematado o procedemento establecido nesa convocatoria, segundo os criterios que esa orde determina, cómpre facer pública a relación de centros que son autorizados para a súa participación no plan a partir deste curso 2002-2003.

En consecuencia, en aplicación da habilitación que figura na disposición derradeira da Orde do 18 de abril de 2002, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Autorízase a participación no Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas, convocado pola Orde do 18 de abril de 2002, ós centros que se citan no anexo, para impartir no segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria as áreas ou materias e nos idiomas que se sinalan.

Segundo.-Contra esta resolución os interesados poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2002.

María Pilar del Mar Pérez Marsó
Directora xeral de Ordenación Educativa
e Formación Profesional